



## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**

### **Artigo 1º. - Regulación e características do servizo.**

#### **1.- Regulación:**

O servizo de comedor escolar converteuse na sociedade actual nunha demanda familiar de primeira orde.

O comedor escolar inflúe positivamente no proceso educativo, en canto potencia o desenvolvemento de hábitos e actitudes de convivencia, colaboración e hixiene, construindo así á formación integral do alumnado.

O comedor escolar do C.E.I.P. Milladoiro é un servizo público cuxa titularidade corresponde á Consellería de Educación e, polo tanto, réxese polas normas xurídicas e administrativas que dá que a Consellería dispón ao respecto.

O servizo regularase polo presente Regulamento así coma polo Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, sobre funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a Orde do 21 de febreiro de 2007 no mesmo sentido, o Decreto 132/2013 da CEOU, pola instrucción 2/2014 do 5 de Xuño e pola lexislación que poida ditarse modificando ou ampliando a xa citada.

Para calquera aspecto non contemplado nos documentos citados será de aplicación subsidiaria o ordenamento xurídico e/ou lexislativo da CC.AA.

No aspecto sanitario o servizo adaptarase aos requisitos establecidos no Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas e os demais que sexan de aplicación.

#### **2. Características xerais do servizo:**

- É de uso voluntario .
- Pretende axudar ás familias e apoialas na atención dos seus fillos, así como facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.
- Pretende formar o alumnado para as tarefas da vida diaria, a educación para a saúde e o consumo, así coma na educación para a convivencia e para o tempo libre.
- O servizo de comedor escolar forma parte das actividades de carácter educativo nas que o alumnado pode participar no centro escolar. Con este punto de partida merece un tratamento idéntico a calquera outra actividade que teña lugar no mesmo.

### **Artigo 2º. -Destinatarios.**

O servizo de comedor está destinado ao alumnado de educación infantil e primaria do C.E.I.P. Milladoiro sen prexuízo da súa ampliación a outros centros públicos, do mesmo nivel educativo, do Concello.

O número de comensais dependerá das prazas asignadas ao noso centro pola CEOU, así coma polo aforo do local destinado a tal efecto.

### **Artigo 3º. -Persoal.**

O servizo é asignado en modo de concesión pola CEOU nos termos que considere oportunos.

O persoal de atención directa aos comensais é proporcionado pola empresa concesionaria debendo reunir, en calquera caso, as condicións profesionais indicadas na normativa vixente tanto na preparación profesional coma nas funcións a desenvolver.

É competencia da empresa adxudicataria darlles a formación necesaria para o desenvolvemento do seu labor.

Ademais da citada normativa e as funcións que lles asigna a lei, o persoal de comedor estará suxeito ao contemplado neste Regulamento.

Son funcións do persoal de servizo:

3.1. Organizar a preparación das mesas e utensilios precisos para levar a cabo o servizo.

3.2. Atender e custodiar ao alumnado entre as 14:00 h. e as 16:00 h.

3.3. Vixiar que os nenos/as deixen as súas pertenzas de forma correcta nos lugares destinados a tal fin.

3.4. Asignar aos comensais o sitio que lles corresponda na mesa e instruílos para que o recollan e limpen cando terminen de comer, segundo as súas capacidades e idades.

3.5. Reprender no seu comportamento a aqueles comensais que non se comporten dun xeito apropiado. Segundo os casos e frecuencia da infracción, o persoal de comedor poderá dirixirse ao infractor da norma e convidarao a saír ao exterior do recinto, amonestándoo fóra da presenza do resto de comensais.

3.6. Desta actuación deixará constancia escrita a modo de incidencia para a súa posterior comunicación á Dirección do centro.

3.7. Vixiar e instruír para o mantemento da orde durante a prestación do servizo así coma no correcto uso do enxoval de mesa, da manipulación dos alimentos e das normas de educación na mesa.

3.8. Atender a axeitada hixiene dos comensais antes e despois das comidas.

3.9. Motivar, controlar e supervisar a alimentación dos alumnos/as e instruílos na adopción de hábitos alimenticios saudables, así coma da na adopción de hábitos sociais e de convivencia correctos, conservación de instalacións, material e mobiliario.

3.10. Acompañar e entregar ao alumnado ao seu cargo de acordo coas instrucións dadas polas familias sobre as persoas autorizadas para acompañalos, non

deixando en situación de desamparo a ningún alumno/a e, de ser necesario, acudir á Dirección do centro para solucionar o problema.

3.11. Informar ás familias de palabra e no momento da entrega de calquera incidencia que considere relevante relativa á inxesta diaria do seu fillo/a.

3.12. Cumprir e facer cumprir as normas do centro e o presente regulamento.

#### **Artigo 4º. - Solicitude prazo e lugar de presentación.**

As solicitudes de prazas para comensais rexeranse pola convocatoria anual da CEOU. A adxudicación definitiva será resolta polo Consello Escolar unha vez estudadas tódalas solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes.

Para esta adxudicación será de aplicación, unha vez ordenados os solicitantes segundo as normas dictadas pola CEOU, e en caso de igualdade de condicións, a lexislación anual de Administración Pública no relativo a sorteos.

No caso de que os solicitantes superen o número de prazas concedidas, O Consello Escolar do centro solicitará da administración educativa a concesión de tantas coma solicitantes, sempre e cando non se supere o aforo do local destinado ao efecto.

As familias que, unha vez adxudicada a praza, desexen dar ao seu fillo/a de baixa deberán comunicalo á Dirección do centro asinando a pertinente renuncia escrita na que se indicará o día no que o neno/a deixará de usar o servizo.

#### **Artigo 5º. - Xestión do servizo.**

A xestión do servizo é adxudicada directamente pola CEOU a unha empresa do sector sen que o centro participe nesa decisión en modo algún.

A Dirección do centro é a encargada de velar polo correcto funcionamento do servizo, tanto no relativo aos menús, coma ao persoal e, en xeral, ao cumprimento das normas que rexen este servizo complementario.

Calquera incidencia relacionada cos menús e/ou o persoal de servizo será tratada entre a empresa adxudicataria e a Dirección do centro, salvo aquelas que afecten ás condicións de contrato do persoal que son de competencia exclusiva das partes asinantes do contrato.

Asemade, a empresa adxudicataria manterá contacto a través da Dirección do centro excepto no relativo as condicións do contrato dos seus traballadores que son competencia exclusiva das partes asinantes.

A Dirección do centro, e no seu caso o Consello Escolar, comunicarán á Xefatura Territorial e/ou á Inspección Educativa, que son a parte contratante, aquelas incidencias que considere afectan ás condicións nas que foi asinado o contrato entre partes.

#### **Artigo 6º. - Obxectivos.**

O Servizo de Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

6.1. Educación para a saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde .
- Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos .
- Desenvolver hábitos no uso axeitado dos utensilios relacionados coa comida.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Informar e concienciar as familias nos beneficios que poidan obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto no referido á saúde do alumnado coma á súa educación nutricional.
- Concienciar a familia nos patróns de conduta adquiridos no comedor e a importancia de continuar con estes no seu fogar.

#### 6.2. Educación para a convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns .
- Espertar nos alumnos o espírito de cooperación, implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de comedor: poñer e retirar o servizo, axuda aos máis pequenos.
- Adquirir hábitos de correcta manipulación dos alimentos.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.

#### 6.3. Educación para o ocio:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de ocio e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.

#### 6.4. . Conciliación da vida laboral e familiar:

- Axudar á conciliación das necesidades familiares e educativas que impón a forma de vida laboral actual.

### **Artigo 7º. - Normas xerais de funcionamento do Servizo.**

7.1. O período de funcionamento do servizo, será o fixado pola CEOU para a duración do curso escolar.

7.2. O número máximo de prazas de comedor virá determinadas en cada momento pola capacidade física do local que se dedica a tal fin.

7.3. O horario do comedor escolar será de 14:00 h. a 16:00 h. de luns a venres, excepto festivos.

Non se desenvolverá o servizo nos períodos vacacionais de Semana Santa, Nadal, vacacións de verán e aqueles días declarados non lectivos pola CEOU.

Durante o período de funcionamento do servizo o alumnado será atendido polas persoas designadas pola empresa adxudicataria que serán as encargadas de atendelos no horario previsto.

7.4. O alumnado non poderá saír do recinto establecido en cada caso durante o período de comedor, salvo comunicación por escrito dos seus pais e mediante persoa responsable que se faga cargo do alumno.

7.5. O menú será único para todos os comensais, salvando os casos de dietas especiais por alerxias alimentarias ou outros supostos, que serán comunicadas á empresa prestadora do servizo e fará chegar os menús extraordinarios precisos.

A estes efectos, as familias presentarán ante a Dirección do centro a certificación médica correspondente

7.6. En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos que asisten ao comedor.

Igualmente, nunca deberán entregar medicamentos aos nenos. En caso necesario arbitrase o xeito de que as familias poidan acceder ao comedor para administrarlles os medicamentos.

7.7. Todos os meses entregarase ás familias a folla informativa co menú diario, co obxectivo de facilitarlles a elaboración da dieta completa dos seus fillos e fillas, completando o resto de comidas diarias de xeito equilibrado.

O menú indicado pola empresa adxudicataria será servido aos comensais sen máis alteracións que as que introduza a propia empresa.

Excepción ao anterior será o aliño das ensaladas que será engadido polo persoal de comedor no momento de servilas.

Por este motivo, no comedor non haberá ningún outro ingrediente culinario.

7.8. Cada neno disporá dunha bolsa de aseo con cremalleira na que depositará os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes.

7.9. Todos os nenos deben respectar as normas de funcionamento e de convivencia: aseo, entrada ao comedor, conduta e hábitos de comida.

7.10. O incumprimento por parte dos alumnos das normas de funcionamento e de convivencia do comedor, pode chegar a supoñer a baixa no servizo de forma temporal ou definitiva.

7.11. A Dirección do centro exercerá as competencias e funcións que lle asigna a lexislación vixente.

## **Artigo 8º. - Das familias. Dereitos e deberes.**

### **1. Dereitos**

8.1.1. As familias recibirán copia deste Regulamento, que será entregada nunha reunión celebrada a comezos do curso co fin de que coñezan as instalacións e comenten as súas dúbidas, comprometéndose a comentalo cos seus fillos/as e darllo a coñecer pormenorizadamente.

8.1.2. Os pais, nais ou titores dos alumnos usuarios teñen dereito a coñecer coa debida antelación os menús que se servirán no comedor.

8.1.3. Os pais, nais ou titores poderán solicitar á Dirección do centro cantas aclaracións estimen oportunas.

8.1.4. Os pais, nais ou titores poderán solicitar do persoal de servizo a información que consideren oportuna no relativo á inxesta diaria dos seus fillos/as.

8.1.5. Os pais, nais e titores teñen dereito a que o seu fillo/a reciba un menú adaptado ás súas necesidades no caso de alerxias e/ou intolerancias alimentarias demostradas documentalmentee..

8.1.6. Os pais, nais ou titores, poderán solicitar pequenas modificacións ocasionais dos menús sempre cunha prescrición médica e coa debida antelación.

8.1.7. Os pais, nais ou titores, teñen dereito a ser informados de calquera incidencia relevante relativa á inxesta diaria dos seus fillos/as.

8.1.8. Asemade, a recibir comunicación sobre a conducta do seu fillo/a durante o tempo de prestación do servizo.

8.1.9. Os pais, nais e titores poderán solicitar ocasionalmente e sempre por motivos xustificados, a recollida anticipada do seu fillo/a fóra do horario previsto.

## **2. Deberes:**

8.2.1. Cooperar no axeitado cumprimento das normas establecidas, respectando o presente regulamento.

8.2.2. Fomentar nos seus fillos actitudes de colaboración, solidariedade e convivencia.

8.2.3. Recoller con puntualidade os seus fillos.

8.2.4. No caso de non poder facelo persoalmente, poderán autorizar por escrito a outra persoa.

8.2.5. A hora de recollida será entre as 15:30 h. e as 16:00 h. A solicitude ocasional de recollida antes da hora prevista, farase por escrito e asinada polo pai, nai ou titor legal sempre con antelación.

8.2.6. A recollida do alumnado farase no lugar que arbitre para elo o persoal de comedor.

8.2.7. No caso de recollidas ocasionais antes da hora que non estiveran previstas con antelación quedará constancia escrita da situación ante a dirección do centro seguindo o mesmo protocolo que o centro ten para o horario lectivo.

8.2.8. Comunicar ao Centro, por escrito, as posibles alerxias, réxime especial por razóns diversas e calquera outra incidencia que poida afectar á correcta prestación do servizo.

8.2.9. Comunicar con antelación as ausencias.

## **Artigo 9º. - Dos usuarios do comedor escolar. Dereitos e deberes.**

### **9.1. Dereitos**

9.1.1 Recibir o menú escolar nas condicións establecidas neste regulamento

9.1.2. O alumnado usuario do comedor estará atendido entre as 14:00 h. e 16:00 h.

9.1.3. Seren instruídos na conduta correcta na mesa así coma no uso do enxoval e a diversidade na manipulación dos alimentos.

### **9.2. Deberes**

9.2.1. Comportarse de forma educada, respectando as instalacións, aos demais usuarios e atendendo as recomendacións do persoal de comedor.

9.2.2. Respectar as normas básicas de convivencia e observar unha conduta correcta na mesa respecto dos materiais, os alimentos e os outros comensais.

## **Artigo 10. - Normas de convivencia do comedor.**

Son normas específicas do Comedor:

### **10.1. Hixiene:**

10.1.1. O alumnado deberá saber comer por si mesmo, facer uso dos servizos e lavarse as mans.

10.1.2. O alumnado pasará polos servizos asignados ao respecto para facer as súas necesidades e lavarse as mans antes de acudir ao comedor.

Durante a comida irán ao servizo sempre con permiso do monitor.

10.1.3. Será instruído na correcta utilización dos cubertos, así como no uso do pano de mesa, o mantel e a vaixela.

10.1.4. Será instruído na correcta manipulación dos alimentos.

10.1.5. Evitará coidadosamente tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros comensais.

10.1.6. Despois de comer e antes de ir aos lugares asignados para o ocio, todos os alumnos deberán pasar polo servizo, acompañados polo persoal do comedor, para realizar o cepillado de dentes e lavarse as mans.

## **10.2. Organización e comportamento:**

10.2.1. Á hora de saída do colexio, os alumnos serán recollidos polo persoal de comedor para o seu traslado ao mesmo.

10.2.2. A dirección do centro velará por instalar un lugar no que poidan depositar as súas pertenzas. Ese lugar será, asemade, o espazo de agrupamento para seren acompañados ao comedor.

10.2.2. Antes de entrar irán ao servizo lavar as mans e pasarán ao comedor. Estas accións realizaranse por orde e baixo a supervisión do persoal.

10.2.3. Os servizos destinados a este efecto son os máis próximos ao comedor, situados na segunda planta do colexio ou os situados no patio de recreo, segundo decisión do persoal.

En ningún caso poderán facer uso dos servizos destinados ao profesorado.

10.2.4. A entrada ao comedor farase con orde e tranquilidade, sen correr, sen empurrar os compañeiros nin berrar.

10.2.5. O alumnado sentarase nos lugares que lles serán asignados, seguindo unha orde de idade aproximada. Estes lugares serán fixos, podendo ser cambiados a criterio do persoal.

10.2.6. Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin arrandearse nas cadeiras nin se mover do seu sitio. Para chamar ao persoal, deberán facelo levantando a man ata ser atendidos.

10.2.7. É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán aos demais berrando, senón falando nun ton de voz axeitado.

10.2.8. O alumnado está obrigado a respectar o persoal encargado do servizo de comedor.

10.2.9. Cando se acabe de comer esperarán sen barullo a que se lles indique o momento de acudir de novo aos servizos co fin de realizar o ritual hixiénico correspondente.

10.2.10. Corresponde ao persoal de comedor acompañalos co fin de comprobar tanto a correcta utilización das instalacións coma do cumprimento escrupuloso do ritual hixiénico.

## **10.3. Alimentación:**

10.3.1. O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo as circunstancias, complexión, etc.)

10.3.2. En caso de non poder comer algún tipo de alimento, deberase achegar un certificado médico que o acredite.

10.3.3. No caso de negacións reiteradas a probar determinados alimentos será informada a familia co fin de solicitar a súa colaboración na tolerancia. En calquera caso é de aplicación o expresado no punto 6.1

#### **10.4. Tempo libre:**

10.4.1. Cada grupo permanecerá no lugar asignado baixo a supervisión do persoal de comedor. Ningún alumno poderá separarse do seu grupo sen permiso.

10.4.2. Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por iso aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.

10.4.3. O alumnado coidará dos xogos e o material sen rompelo ou estragalo de modo intencionado. Asemade, coidará de que quede perfectamente recollido despois do seu uso.

10.4.4. Os lugares asignados para o tempo libre son o propio comedor, o espazo coñecido como patio de psicomotricidade e os patios cuberto e descuberto, sempre a criterio do persoal de comedor en función das condicións climatolóxicas.

### **Artigo 11º. - Faltas e sancións**

#### **1. Faltas leves:**

Considéranse faltas leves.

- 1.1. Desobedecer levemente as indicacións do persoal.
- 1.2. Non lavar as mans ou os dentes.
- 1.3. Entrar ou saír do recinto de prestación do servizo desordenadamente.
- 1.4. Cambiarse de sitio.
- 1.5. Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios.
- 1.6. Permanecer mal sentado ou arrandearse na cadeira.
- 1.7. Facer ruído, berrar ou falar con alumnos doutras mesas.
- 1.8. Calquera conducta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

#### **Sancións:**

1. Amoestación verbal. En caso de reiteración, comunicación por escrito aos pais.
2. Separación temporal do grupo
3. Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de ocio.
4. Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

Estas sancións poderán ser impostas polo persoal do comedor, salvo as comunicacións por escrito ás familias que son competencia exclusiva da Dirección do centro.

#### **2. Faltas graves:**

Considéranse faltas graves:

- 2.1. Desobedecer gravemente as indicacións do persoal do servizo.
- 2.2. Saír do recinto de prestación do servizo sen permiso do persoal.
- 2.3. Deteriorar a propósito ou por mal uso o material do servizo.
- 2.4. Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.
- 2.5. Calquera outra conducta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.



**Sancións:**

1. Calquera das contempladas para as faltas leves.
2. Amoestación por escrito ao alumno. Comunicación aos pais.
3. Expulsión temporal do servizo (ata 5 días).

As sancións 2 e 3 serán aplicadas pola Dirección do centro.

**3. Faltas moi graves:**

Considéranse faltas moi graves:

- 3.1. Saír do Centro sen permiso durante o horario do servizo.
- 3.2. Calquera outra conducta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

**Sancións:**

1. Calquera das contempladas para as faltas graves.
2. Expulsión temporal do servizo (de 5 días a 1 mes).
3. Expulsión definitiva do servizo.

As sancións por faltas graves ou moi graves serán propostas pola Dirección do centro e impostas polo Consello Escolar, previa audiencia dos pais e oído o persoal de comedor.

**Artigo 12º. - Procedemento no caso de comida sobrante**

Seguindo as indicacións contidas no punto 1.2 da Instrución 2/2014 da CEOU, a comida sobrante será distribuída a familias en risco de exclusión. Para elo, levaráanse a cabo as xestións necesarias con Cáritas local quen asegurará diariamente a súa recollida e distribución.

**Disposicións finais**

**Primeira.** - O centro poderá ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada aplicación, interpretación ou desenvolvemento deste Regulamento.

**Segunda.** - Este Regulamento entrará en vigor no curso 2015/16.